

## **CURSOS DO CIOV 2018-2019 OBRADOIRO DE IMPROVISACIÓN TEATRAL**



A Concellaría de Normalización Lingüística vai levar a cabo un obradoiro de improvisación teatral

Decote empregamos distintos recursos expresivos e amosamos aspectos da nosa personalidade diferente en función do contexto no que nos atopemos. Somos, dalgún xeito, actrices e actores das nosas vidas. Neste obradoiro tomaremos consciencia desta semellanza, trasladando eses recursos utilizados na nosa vida cotiá a un espazo de ficción, atopándonos nesa viaxe cunha serie de principios propios do teatro, que traballaremos dende un punto de vista eminentemente lúdico.

Empregaremos a creatividade teatral como recurso para fomentar a normalización da oralidade en galego como lingua de cultura e de ocio, para o que contemplamos dúas liñas de accións:

- Incorporación de textos da literatura dramática galega contemporánea
- Emprego da lingua como pauta nos xogos teatrais e nas improvisacións

O obradoiro será fundamentalmente práctico. Calquera concepto teórico desenvolverase a partir das problemáticas prácticas que xurdan no desenvolvemento das clases.

Este obradoiro está destinado a maiores de 18 anos non profesionais no eido das artes escénicas. O obradoiro é gratuito.

**DATAS: 2, 9,16, 23 e 31 de outubro; 6, 13, 20 e 27 de novembro; 4 e 11 de decembro de 2018**

**HORARIO: de 17:00 a 20:00**

**LUGAR: Instituto Municipal de Educación (camiño do Chouzo, 2-salón de actos)**

Para se inscribir deben enviar a ficha que se achega cuberta ao correo electrónico: [actividades.snl@vigo.org](mailto:actividades.snl@vigo.org), (no asunto cómpre pór "cursos CIOV) **A PARTIR DO 7 DE SETEMBRO.**

**CONCELLO  
DE VIGO**



**Centro  
de Interpretación  
da Oralidade de  
Vigo**

